



BANDO

Apertura da Autovía AG-31

Don **JOSÉ LUIS FERRO IGLESIAS**, en calidade de alcalde do Concello de Celanova

Fago saber:

Que o próximo luns, día 28 de xaneiro, a Xunta de Galicia procederá á apertura ó tráfico da Autovía AG-31 que comunicará o noso municipio coa Autovía das Rías Baixas e que nos achegará de forma moi significativa á capital da provincia e ó resto de Galicia, abrindo un gran abano de posibilidades económicas para o noso comercio, para o noso potencial turístico e, polo tanto, para o noso futuro económico.

Por esta razón, ademais de amosarlle a miña ilusión como novo alcalde de Celanova, porque este feito histórico coincide practicamente coa miña chegada á alcaldía, quero convidalo, como comerciante, como empresario, como profesional ou como veciño de Celanova, a que asista ó acto inaugural desta vía, que terá lugar, como queda dito, o próximo **luns día 28, ás 11:30 horas**, no centro de conservación no enlace de A Merca, onde a empresa concesionaria da autovía ten instalado o centro de control da mesma e que contará coa presenza do presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

E para que así conste, agradecendo a súa participación, dado, como dixen ó principio o carácter histórico do evento, asino o presente en

Celanova, a 24 de xaneiro de 2013

O alcalde

Asdo./ José Luis Ferro Iglesias

Concello de Celanova